

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 8 DE SETEMBRO DE 2017

### **LICENZAS FAVORABLES**

**LAP/125/2016.- SEMPRE EN GALIZA PROMOCIONES INMOBILIARIAS, S.L.-** Conceder licenza de obras de edificación de tres sotos, planta baixa, entrechán, tres plantas altas e baixo cuberta para 7 apartamentos de residencial comunitario, 11 vivendas, local comercial, garaxe e rocho na rúa Sempre en Galiza, 3.

### **ANULACION ACORDO X.G.L.EN EXECUCIÓN DE SENTENZA.-**

**LIC/1823/2015.- MANUELA DOLORES MARTÍNEZ GONZÁLEZ.-** Anular o acordo de Xunta de Goberno Local da cidade de Santiago de Compostela de data 31/03/2017, e proceder á tramitación da solicitude de licenza presentada por dona Manuela Dolores Martínez González para un proxecto básico de rehabilitación de edificación de uso hoteleiro na rúa Raiña, 9.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras de edificación de tres sotos, planta baixa, entrechán, tres plantas altas e baixo cuberta para 7 apartamentos de residencial comunitario, 11 vivendas, local comercial, garaxe e rocho na rúa Sempre en Galiza, 3. LAP/125/2016.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á anulación do acordo da sesión de data 31/03/2017, e proceder á tramitación da solicitude de licenza presentada por dona Manuela Dolores Martínez González para un proxecto básico de rehabilitación de edificación de uso hoteleiro na rúa Raiña, 9. LIC/1823/2015.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á execución de actuacións prioritarias por risco de inundacións e danos a terceiros e ás persoas en diversos puntos do termo municipal.** Acórdase requirir a Viaqua que execute de xeito prioritario actuacións para evitar danos por inundacións nos seguintes puntos:

- \_Rúa de Frei Rosendo Salvado
- \_Ensanche: rúa da Senra, República de El Salvador, Praza Roxa, Ramón Cabanillas
- \_Rúa de Entrerríos, na confluencia coa rúa das Galeras
- \_Confluencia da Calzada de Santo Antonio coa Calzada de San Pedro
- \_Rúa de Santa Clara (á altura do nº19)
- \_Rúa de Berlín
- \_Vía Edison, nas proximidades da intersección coa Vía Diesel

Acórdase solicitar a Augas de Galicia, organismo encargado da xestión do rego do Cancelón, que no punto baixo do parque de Belvís e traseiras das edificacións da rúa do Olvido se leven a cabo varias actuacións para garantir a seguridade das persoas.

Acórdase tamén requirir a Urbaser que no Polígono Industrial do Tambre proceda a implantar novos protocolos de actuación para evitar que os restos dos embalaxes que se atopen na vía pública poidan obstruír os puntos de captación dos escorregamentos superficiais.

Acórdase recomendar á Asociación da Área Empresarial do Tambre que as actividades que se desenvolven no polígono adopten medidas para a xestión controlada dos residuos de embalaxes.

Por último, e complementariamente ás actuacións prioritarias descritas no informe, acórdase avaliar actuacións en materia de renovación ou reforzo da rede de saneamento nos proxectos das obras de reurbanización da avenida de Vilagarcía, Castrón D'Ouro e rúa de Santa Clara (entre a rúa dos Basquiños e a avenida de Castelao)

**5.- Liquidación de gastos das festas da Cabalgata de Reis 2017 e festa fin de ano.** Apróbase a proposta.

**6.- Aprobación das bases da convocatoria de axudas individuais para uso do servizo de taxi como medio alternativo adaptado ás persoas con déficit de mobilidade.** Iníciase o procedemento de aprobación das bases reguladoras para a convocatoria das axudas, que se poderán solicitar no prazo de 30 días naturais contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O importe destinado a estas axudas é de 15.000 euros

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o equilibrio territorial relativa ao inicio do expediente de "Subministro de equipos de protección individual de loita contra o lume e de condicións climatolóxicas adversas para o persoal do servizo de extinción de incendios do Concello de Santiago de Compostela: LOTE I: Traxes de protección, LOTE II: Roupa de augas e para condicións climatolóxicas adversas".** Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 58.420 euros máis IVE para o lote I, e de 21.505 euros máis IVE para o lote II.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o equilibrio territorial relativa ao inicio do expediente de "Subministración dun tractor con dúas desbrozadoras. Orzamentos participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE".** Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 99.060 euros máis IVE de 20.802,60 euros.

**9.- Proposta da alcaldía dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Asociación INSERTA EMPLEO para desenvolver actividades que favorezan a integración laboral de persoas con discapacidade.** Dase conta.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación das bases e procedemento para a selección das persoas participantes no programa "Plan xuvenil de integración profesional. Mocidade con emprego".** Apróbase a proposta.

**2.-Recoñecemento de obrigas.** Apróbase a proposta.